



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

MEMORIA EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

IES AS TELLEIRAS CURSO 2018/2019

DESCRICIÓN E VALORACIÓN DAS ACTIVIDADES REALIZADAS (Análise segundo a división en grupos realizada no proxecto inicial)

A.- Denominación da actividade: Campaña de participación como membro do Equipo de Dinamización da Lingua Galega e actividades de fomento da lingua.

1.- Campaña de renovación dos membros do Equipo: neste curso non houbo que renovar ningún membro do equipo. Estes seguiron sendo: Ana Belén Blanco Pérez (B 1ºA), Daniel Prieto Bascones (B 1º A) e Lidia Amado Rodríguez (B 1º A). O resto do equipo ficou igual.

2.- Corrección lingüística de carteis, indicacións, notas visuais no centro.

3.- Actualización constante do taboleiro do EDLG, con todas as novas referentes á nosa lingua (actos culturais, concursos literarios, cinema, teatro...).

Gastos: carteis para publicitar os concursos do Centro.....sen custo

B.- Denominación da actividade: Celebración das festas tradicionais e culturais do ciclo anual.

1.- **Nadal 2018:** decoración das portas das aulas (cartolinas, pinturas, témperas, rotuladores...)

Gastos: 177,5 euros

2. - **Entroido 2019.** Concurso de máscaras de Entroido. Non se puido realizar

3.-**Semana das Letras Galegas:** As actividades realizadas con este motivo foron as seguintes:

- Proxección de videos nas aulas sobre a figura homenaxeada: Antón Fraguas
- Actividades Día Das Letras Galegas: lectura en alto de fragmentos da súa obra o día 16 de Maio en todas as aulas, durante o tempo de lectura.

C.- Denominación da actividade: Colaboración con outros centros, entidades.

1. - Certame literario 'Carmela Loureiro'. Non houbo representación do noso Centro este curso.
- 2.- XXVIII Certame Intercentros do concello de Narón. Este curso organizou devandito Certame o CPI "CPI Piñeiros". Supuxo reunións e coordinación dos nove Centros participantes, organizar buses, invitacións, etcétera. O alumnado do noso Centro este curso tampouco respondeu como era esperado e houbo escasa representación, polo que teremos que buscar novas estratexias para que o vindeiro curso sen retome con forza esta actividade.Os/as alumnos/as premiados foron:
 - Emma Arias Cailleou (1º ESO)
 - Iker Falcón Cazás (4º ESO)
 - Laura Ladero Gómez(4º ESO)
 - Miguel Piñeiro Mosquera (1º Bach)
- 3.- Certame de Poesía e Imaxe: " En galego sen filtro ". Non houbo participación.
- 4.- Ciclo de cinema " En galego, de película ". Non asistimos a esta actividade por chegar a oferta – unha vez máis- sen tempo para organizar a actividade.

D.- Denominación da actividade: Exposición oral.

- 1.- Actividades xa mencionadas da lectura de fragmentos literarios
- 2.- " Teatro Con G " . Non se puido realizar por coincidir con datas do Certame Intercentros de Narón.
- 3.- Obradoiro de regueifas; en colaboración co concello de Narón, realizouse un obradoiro de regueifas, destinado ao alumnado de 4º de ESO. As valoracións por parte do alumnado foron moi positivas, polo que se valora a posibilidade de continuo o curso que vén. Non supuxo gasto ningún.

E. Denominación da actividade: Campaña de fomento da lectura en galego.

- 1.- Creación dunha revista literaria. Non se realizou.

F. Denominación da actividade: Aproveitamento das novas tecnoloxías.

- 1.- Páxina web. A través dela procuramos informar de todos os concursos, novidades do equipo, etc.. Os carteis en papel foron de carácter visual.

G- Denominación da actividade: Obra ilustrada en varias linguas: proxecto en varias fases.

a) Concurso de Relato breve e ilustración : Creación dun relato seguindo unhas pautas dadas, por exemplo determinada extensión, temática relacionada coa lingua galega...Esta fase conta coa colaboración do Departamento de Lingua Castelá e Lingua Galega.(1º ESO)

A gañadora foi Emma Arias Cailleau

b) Concurso de Ilustración do Relato gañador do certame anterior. Neste caso o Departamento colaborador será o de Plástica.

A gañadora foi Lidia Amado (2º Bach)

c) Tradución do relato a diferentes linguas. Contamos coa colaboración do Departamento de Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Francés.

d) Maquetación e impresión do traballo resultante.

Gastos:

agasallo ao gañador do relato breve.....	60,00
agasallo ao gañador da ilustración.....	60,00
maquetación e impresión.....	34,90

MEMORIA ECONÓMICA:

1.- Adquisición de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego.

Usamos o material de que dispoñemos sen facer ningún gasto.

2.- Organización de programas e actividades en galego.

Incluimos aquí todas as actividades desglosadas na análise anterior: impresión e maquetación e decoración de portas de Nadal

Gasto total:..... 212,40 euros

3.- Agasallos varios.

Gastos de obsequios aos gañadores dos concursos.....120,00 euros.

Custo total..... 332,40 euros

A valoración final do equipo volve a ser de satisfacción moi relativa polo grao de participación do alumnado e profesorado. Con respecto ao alumnado, debemos incidir de novo na participación do alumnado da ESO, que moitas veces por preguiza e outras por vergonza, non se deciden a participar. Por outro lado, realizamos actividades que non supuxesen gasto económico importante.

A ubicación do noso Centro, afastado de todos os núcleos urbanos do concello de Narón, dificulta as actividades que non se podan levar a cabo en horario lectivo. Isto supón unha dificultade engadida á hora de preparar unha representación teatral, por exemplo. Para o vindeiro curso propoñémonos acrecentar as actividades dentro do posíbel.

Narón, xullo de 2019

Eva M^a Ríos Vázquez, Coordinadora do EDLG